

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de xullo de 2016, polo que se modifican as Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

O 14 de abril de 2016 constituíse a Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia, na que foi obxecto de negociación, entre outros asuntos, a modificación das Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.

Consecuentemente, ao abeiro do disposto no artigo 3.2.c) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa da Cámara, na reunión do 5 de xullo de 2016, dispón:

Artigo único. Modificación das Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do 1 de abril de 2014 (BOPG nº 267, do 4 de abril de 2014)

Un. Modifícase a alínea 5 do artigo 5, que queda redactada da forma seguinte:

«5. Os servizos extraordinarios realizados polo persoal fóra dos seus horarios particulares, por mor das necesidades do servizo, dentro e fóra do horario xeral de funcionamento da Administración parlamentaria, daranlle dereito a aquel a unha compensación económica ou horaria, á súa elección.»

Dous. Suprímese a alínea 6 do artigo 5.

Tres. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 8. *Horario especial do persoal do parque móbil*

1. Ao persoal do parque móbil seralle aplicable a duración da xornada ordinaria e reducida establecida no artigo 2 das presentes normas, coas particularidades que se detallan neste artigo.

2. O persoal do parque móbil, dada a súa especial dedicación, gozará dun réxime de horario flexible que lle será determinado en función das necesidades do servizo.

3. A realización, de luns a venres, de xornadas superiores a 37 horas e 30 minutos semanais en xornada laboral ordinaria, ou a 30 horas semanais en xornada laboral reducida, en cómputo mensual, dará dereito á compensación horaria.

4. Non se computarán como xornada os tempos de presenza que o condutor dedique a comida ou cea, cunha duración de 1 hora e media en cada caso.

5. Os servizos realizados durante os sábados, domingos ou festivos darán dereito á compensación horaria ou económica establecida, á elección do traballador.

6. As unidades das que dependa orgánica e funcionalmente o persoal do parque móbil efectuarán un control diario da actividade do persoal condutor a través dos correspondentes partes de actividade e xestionarán adecuadamente o tempo de presenza deste persoal, de xeito que, na medida do posible, as xornadas diarias non superen as 7,5 horas en xornada ordinaria ou as 6 horas en xornada reducida.»

Catro. Modifícase a alínea 1 do artigo 13, que queda redactada da forma seguinte:

«1. O horario xeral de funcionamento da Administración parlamentaria será o comprendido entre as 8.00 e as 20.00 horas.

No mes de xaneiro o horario xeral será de 9 a 15.00 horas e nos meses de xullo e agosto, de 8.30 a 14.30 horas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta modificación entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª
